



## CONCURSO DE MICRORRELATOS 2022

### BASES

1. A Biblioteca da Escola Oficial de Idiomas, os seus departamentos e as súas seccións organizan o presente concurso de microrrelatos no que pode participar todo o alumnado matriculado no curso 2021-2022 de calquera idioma / sección / modalidade dos niveis A2, B1, B2, C1 e C2, incluído o alumnado dos cursos Celga.

2. O concurso ten por obxectivo premiar a mellor creación literaria nos idiomas estudados en forma de microrrelato de entre as que se presentan e que cumpran os requisitos especificados.

### 3. Requisitos e formato dos microrrelatos

3.1. O microrrelato deberá estar escrito no idioma polo que se desexe participar, idioma no que a persoa autora estea matriculada no presente curso, ou teña estado matriculada antes, na Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

3.2. Deberase incluír tamén unha tradución ao galego ou ao español co obxectivo de que os membros do xurado poidan emitir o ditame do microrrelato gañador, independentemente do idioma escollido. (Non son necesarias traducións no caso dos microrrelatos que participen polos idiomas galego e español).

3.3. O microrrelato debe ter **relación coa foto que aparece no cartaz que acompaña a estas instrucións.**

3.4. Debe ter unha extensión mínima de 80 palabras e máxima de 100 palabras. Deberase indicar ao final do microrrelato o número de palabras utilizadas na versión orixinal (e non na tradución ao galego/español).

3.5. O microrrelato (tanto na súa versión orixinal como na tradución) deberá respectar o seguinte formato: fonte (letra) Arial ou similar, tamaño 12, páxina A4.

3.6. O microrrelato debe ser orixinal e inédito.

3.7. A temática do concurso é libre, **pero debe facer referencia á foto que aparece no cartaz que anuncia a actividade.**

### 4. Envío do microrrelato

4.1. Deberase enviar o relato por correo electrónico ao enderezo **[ei.vigo.biblioteca@gmail.com](mailto:ei.vigo.biblioteca@gmail.com)**.

No asunto do correo debe figurar o texto: "CONCURSO MICRORRELATOS 2022".

4.2. Enviaranse **dous arquivos en formato PDF:**

a) o primeiro arquivo terá por nome "**microrrelato.pdf**" e incluírá unicamente o título e o texto completo do microrrelato (a versión orixinal e a súa tradución), excluindo calquera tipo de referencias á identidade da persoa autora.

b) o segundo arquivo terá por nome "**datospersoais.pdf**" e incluírá os datos persoais da persoa autora: nome, apelidos, número de DNI ou NIE, código do curso no





cal está matriculado e teléfono de contacto.

5. Prazo de presentación: **do 25 de abril ao 20 de maio de 2022 ás 21:00 h.** (ambos incluídos).

6. Será posible presentar un microrrelato elaborado por un grupo de alumnos/as, en vez de a título individual, respectando os mesmos requisitos de anonimato.

#### 7. Premios e procedemento de elección

a) Cada departamento da EOI de Vigo elixirá o mellor microrrelato de 2022 da lingua respectiva de entre todos os relatos presentados. **O mellor microrrelato de cada lingua será premiado cun vale de 50 euros para a adquisición de libros.**

b) De entre os nove microrrelatos premiados para cada lingua escollerase, a partir da súa tradución, o mellor microrrelato absoluto. **O mellor microrrelato da Escola Oficial de Idiomas de Vigo do ano 2022 será premiado con outro vale de 50 euros en libros.**

#### 8. Xurado

O xurado estará composto polo profesorado do equipo de biblioteca (agás a Responsable da Biblioteca, que será a receptora dos correos electrónicos cos datos persoais das persoas participantes) e outro profesorado que os departamentos establezan. Cada departamento organizará a comisión do xurado para os microrrelatos elaborados na súa lingua.

O premio absoluto será decidido por un xurado formado por un membro do equipo directivo e as nove xefaturas dos departamentos.

9. Está previsto facer público os nomes os nomes das persoas gañadoras e os seus microrrelatos a partir do 20 maio 2022 a través da páxina web <http://www.eoidevigo.org/>

10. Os traballos gañadores serán publicados no blog da biblioteca <https://bibliotecaeoivigo.blogspot.com/> e na páxina web da EOI de Vigo <http://www.eoidevigo.org/>

11. Os traballos non premiados serán destruídos.

12. As comisións do xurado poderán declarar algún premio deserto se os relatos presentados non cumprisen algún dos requisitos ou uns mínimos de calidade.

13. A organización do concurso resérvase o dereito de modificar estas bases se fose necesario.

14. A Escola Oficial de Idiomas de Vigo resérvase, se así o decidir, os dereitos de publicación dos relatos en medios impresos ou dixitais.

-----

CONSELLOS PARA ESCRIBIR UN MICRORRELATO:

<https://www.sinjania.com/guia-para-escribir-un-microrrelato/>

